

A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO consciente da importancia da calidade á hora de satisfacer as necesidades dos clientes decidiu implantar un *Sistema de Xestión da Calidade* que sexa efectivo e eficiente, logrando así os beneficios de todas as partes interesadas, co compromiso por parte da Dirección da mellora continua do Sistema de Xestión e a adaptación a novos cambios.

Promoverase o concepto de mellora continua, como obxectivo permanente da FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO, así como soste e incrementar a satisfacción do cliente.

As *directrices xerais* que se establecen para a consecución destes obxectivos son as seguintes:


- ✓ Lograr *plena satisfacción dos nosos clientes*, proporcionándolles servizos acordes cos requisitos, necesidades, expectativas e especificacións establecidas.
- ✓ Establecer o compromiso do cumprimento de todos os requisitos aplicables, incluíndo as normas ou lexislación vixente.
- ✓ Establecer unha *sistemática documentada* (ou normalización) para asegurar a calidade dos servizos.

O Sistema de Xestión da Calidade foi elaborado e ha de ser mantido de forma que se traballe sobre a prevención dos defectos, máis que sobre a súa corrección.

A eficiencia do Sistema de Xestión de Calidade é responsabilidade directa da Dirección. No seu nome e representación, o Responsable de Calidade supervisará a súa implantación, desenvolvemento e mantemento, avaliando a súa adecuación e aplicación correcta.

Para iso, o Responsable de Calidade ten a autoridade necesaria para intervir en todos os departamentos da FUNDACIÓN, na medida que estime conveniente, para comprobar a efectividade do Sistema de Xestión da Calidade.

A Directora Xerente da FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO, comprométese a desenvolver as directrices que en aspectos de Calidade fíxanse no propio Sistema de Xestión de Calidade.



FUNDACIÓN PÚBLICA  
GALEGA DA FORMACIÓN  
EDO.: Directora Xerente  
DNA. ROSANNA LÓPEZ SALGUEIRO  
15 de xaneiro de 2018